

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº64/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de febreiro / Estado de camiñadas

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns



## DESESTACIONALIZAR AS VISITAS AO PARQUE NACIONAL

Sería ideal pero contando cun obxectivo cultural, actividades, que contribúan a unha programación estival máis activa e orientada cara a un turismo ilustrativo e instrutivo sobre a oferta que ofrece esta illa dentro do Parque Nacional.

Páx. 1



## Javier Pazó Olmedo

Comezando a noticia ao revés, aquí vos deixo a magnífica casa que estaba situada na alameda de Pontevedra que pertencía á familia Pazó.

Javier Pazó vai dar unha conferencia sobre a teoría do Colón Galego, na Casa de España de Puerto Rico. Dende aquí os nosos parabéns. Páx. 2

## Carlos Patiño

Preparando o terreo ao lado da súa casa para colocar unha fosa séptica. As promesas de Parques de conectar todas as casas á Depuradora, quedaron en simples falacias. Páx. 2




## ZAHERA NA ILLA DE ONS

No ano 2006 o magnífico actor Zahera, gañador do último Goya, participou en Ons na gravación da curtametraxe “*Centolos e Gaitas*”, xunto a actores de renome como Lano Mayán. Aquí o vemos enchendo a súa cunca despois do esconxuro da queimada celebrada no Acuña ao remate da rodaxe. Páx. 3



## AS CORSARIAS

As novas dornas de colección de Cesáreo. Non che quedas sen ela. Páx. 5



## SEGUEN AS CORTAS SEN REPOBOACIÓN

Esta corta fíxose en Melide hai xa máis de 12 anos. Pedimos por activa e por pasiva a súa repoboación, e isto, *TOXO = a Gasolina*, foi o que naceu alí durante estes anos. Non só non repoboan senón que provocan. Será o que queren os políticos de M. Ambiente, *Lume* para logo pedir axudas europeas? Páx. 4



A capela de Canexol así estaba en 1990. Como estará agora? Van os veciños a deixar así esta capela que cuida dos seus antepasados? Páx. 5



## DESESTACIONALIZAR O PARQUE NACIONAL, CON OBXECTIVOS CULTURAIS (8/02/2023)

Ao pouco de entregar o nº 63 de Onstopus, decátome que unha navieira e un restaurante auniense ofertan unha visita a Ons con degustación de cocido.

A idea fantástica, polo tema da desestacionalización. O tempo extraordinario, solleiro aínda que algo fresco pola mañá. A oferta gastronómica excelente para a data. Pero, noto que algo falta: a **Oferta Cultural** para unha xornada invernal nunha illa pertencente ao único Parque Nacional de Galicia, ao que, normalmente, só se acude no verán.

Xa o teño comentado (Tamén este tema está incluído nos Informes que enviamos á Consellería e a Parques), por que non se busca un protocolo de actuación conxunta entre o Parque, as navieiras e os restaurantes para encher de contido estas viaxes fóra de época?

Poucos días despois, sae na prensa a Delegada Territorial da Xunta en Vigo, xunto ao Director do Parque, falando do aumento de visitantes ás Cíes e demais illas do Parque, e ata falan de desestacionalización, pero non vexo nas súas palabras "**ACTIVIDADES ofertadas e realizadas**" para esas viaxes invernaís.

E é aí, penso, onde falla a Consellería. Que vaia moita xente ás Illas do Parque (aínda que despois lle boten a culpa ás navieiras de aglomeracións) é o seu principal obxectivo, sen embargo, que as viaxes teñan unha finalidade cultural, pedagóxica, didáctica, investigadora, formativa,..., tanto lles ten, a Consellería e Parques cumprindo coa finalidade de <moitos visitantes>, xa están satisfeitos, o demais dá moito traballo, necesítase competencia e non queren crearse obrigas.

De verdade, tan complicado é programar actividades forestais (reforestación, apadriñamento de árbores,...). Actividades de observación e coñecemento de plantas, arbustos, árbores, cogomelos,..., segundo a época do ano. Observación e explicación da arquitectura popular, edificacións anexas, piornos,..., as súas características e historia,... Visita e explicación do legado histórico e arqueolóxico. Participación na limpeza de praias, por exemplo de microplásticos,... Andainas explicando o nome dos lugares, lendas, contos,... Visita guiada ao Centro de Visitantes incluíndo proxeccións varias sobre diferentes aspectos da Illa en concreto que se visita e das demais do Parque... E un longo etc que se pode programar,... É tan complicado de planear?

Eu coído que non hai ganas nin vontade de facelo. Para que instrúen e forman logo a tantos guías? Non sería interesante que os guías, á vez dos coñecementos básicos sobre as características das Illas do Parque en xeral, se prepararen para ter unha especialización concreta para actividades especiais? ...

Que ninguén mire, nestes dous exemplos que poño a continuación, propaganda gratuíta, nin preferencia por algunha navieira e restaurante en concreto, o que pretendo, é que se vexa a diferenza en cuestión de programación e actividades.

**Exemplo A:** Unha empresa, co apoio dos organismos do seu municipio, organiza unha visita á súa comarca, con oferta gastronómica e cultural. (Casa do Patrón. Lalín).

**Exemplo B:** Unha empresa (Nabia e Casa Acuña) oferta unha a viaxe en barco (imos a unha Illa) e gastronomía de época que, a carón de favorecer que os veciños desa illa poidan ir ás súas vivendas e realizar labores de mantemento, tamén poidan ir visitantes fóra da tempada estival. Pero, brilla pola súa ausencia, a oferta cultural que debería poñer o Parque Nacional con diálogo e acordos con calquera da navieiras e restaurantes de Ons que queiran realizar esas viaxes fora de tempada.

Canto se pode facer, e nada se fai!!! E, aínda por riba: Nin fan, nin deixar facer.

## COCIDO DE LALIN CASA DO PATRÓN

### Visita Casa do Patrón

O gran Ecomuseo do mundo rural galego.

- 1 Visita guiada ao Museo etnográfico Casa do Patrón
- 2 Visita á sala de exposición arqueolóxica do Castro de Doade e á recreación da Casa Castrexa
- 3 Visita ao Castro de Doade

### Experiencia Gastronómica:


### Cocido de Lalín

- Sopa de Cocido
- **Cocido completo:** repolo, grelos, patacas, garavanzos, chourizos de Lalín, cacheira, lacón, costela, orella, morro, lingua, terneira, ...
- **Sobremesas caseiras:** filloas, leite frito, ...



 Casa do Patrón  
MUSEO ETNOGRÁFICO Y RESTAURANTE

**PREVIA RESERVA:**  
986 69 22 03 – 635 93 98 90  
casadopatron@gmail.com



COCIDO GALLEGO  
ISLA DE ONS  
¡GRACIAS!



5 de febrero de 2023



### PRISMÁTICOS. *Accesorio case obligatorio.*

Dentro das recomendacións que lemos en folletos e libros para a visita ao Parque Nacional I. Atlánticas, hai un elemento que non engaden como imprescindible, <os prismáticos>. Xa, dende o momento en que embarcamos, son de gran utilidade para ir observando a costa, as bateas, as faenas pesqueiras, todo tipo de aves,..., e máis se contamos cunha boa explicación dende a ponte do barco por un/ha guía.

Logo, nos nosos paseos pola Illa faise esencial para a observación de todo tipo de aves (acuáticas e terrestres) e para mirar calquera formación rochosa, animais terrestres, vivendas afastadas, detalles que non se ven a simple vista,... Sería importante que Parques dispuxera duns cantos para as súas visitas guiadas.



## JAVIER PAZÓ OLMEDO

No ano 1967 ingresabamos no instituto de Pontevedra *Javichi*, como o coñeciamos de rapaz, máis eu. Tocounos na mesma aula e no mesmo pupitre, pola proximidade dos nosos apelidos, fixémonos grandes amigos e esa amizade dura ata hoxe.

Xa temos falado del neste humilde minixornal polas súas facetas de patrón de iate e tamén polo seu pai, Diego Pazó, que foi o que levou o primeiro xerador a Ons nos anos 50 s. XX e que dotou de motor (motores Pazó) aos primeiros barcos da Illa que, substituindo ás dornas, navegaron polas rías galegas e cambiaron o rumbo económico dos aunienses.


Pois ben, Javichi é o secretario da Asociación Colón Gallego e aproveitando que ía a realizar unha viaxe por Puerto Rico, o agregado económico da embaixada, invitouno a dar unha conferencia nese país sobre a teoría do Colón galego, cousa que aceptou e que terá lugar neste próximo mes de marzo..

Dende aquí os nosos parabéns e que todo saia ben.

Quizais para o verán invitáremolo a ir a Ons e que indague sobre a posibilidade dalgún flirteo pola Illa do gran navegante, xa que, entre os alcuños aunienses, hai algún Colón, e non vaia ser o conto!

<https://www.farodevigo.es/pontevedra/2023/02/05/vivimos-pruebas-adn-colon-galego-82510460.html>

Foto: Asociación Colón Galego



## BENITO SOTO-BENITO PATIÑO E A DEPURADORA DE ONS

No mes de marzo de 1999, no Diario de Pontevedra, desvelaba o lugar onde o pirata Benito Soto escondía os tesouros froitos das súas rapinas. Esa nova trouxo que moitos busca-tesouros recalaran en Ons na súa procura, ata un grupo de espeleólogos, Aradelas, revisaron unha por unha todas as furnas da Illa sen dar con el.

Máis tarde, en maio de 2021 na sección de HemerONSteca de Onstopus nº 29 volvía a repoñer ese artigo, pero vai ser agora, febreiro de 2023, que de novo o tema do tesouro de Benito Soto salta á palestra por mor dun auniense, homónimo seu, Benito Patiño (QEPD), que, aínda que alcuñado o “Serrador”, tamén lle chamaban o “Millionario”. Isto foi o que fixo desconfiar, pois, por descontado que era un dos mellores patróns de Ons e ganaba moitos cartiños no mar, pero outros por aí andaban tamén e non lles chamaban millonarios, de aí a desconfianza de que, nos seus terreos aunienses estivera o tan cobizado tesouro de Benito Soto e el se estivera aproveitando, polo que, tan pronto viron o buraco que o seu fillo Carlos, Carrillo, estaba a realizar a carón da súa vivenda, a desconfianza foi a máis.

Cando Carlos veu tanto interese nos veciños, primeiro vacilou neles un pouco, pero logo díxolles:

*-Que tesouro, nin que carallos, estou a facer a fosa séptica que os da Consellería din que custa moito levar un tubo dende aquí ao enganche da depuradora.*

E aí descubrimos o conto. O Presidente da Xunta dixo que hai unha boa cantidade de cartos para arranxar a Depuradora, que se faría neste inverno e que se engancharían un bo número de novas casas.

A casa de Benito Patiño está a menos de 100 m. en liña recta do C. de Visitantes, onde está o enganche para a depuradora, nos terreos lindantes é doado facer o rego para poñer a tubaxe e a súa casa está un pouco no alto, co que sería moi doado a baixada das augas residuais, cal é logo o problema?

Pois está ben claro, o Presidente da Xunta e os políticos da Consellería de M. Ambiente menten e non cumpren coa súa palabra. Onde meterán o mundo de cartos que había para Ons?

Aquí o programa do Consulado e a Casa de España onde invitan á Conferencia sobre o “Cristóbal Colón gallego” a cargo do pontevedrés **Javier Pazó Olmedo** secretario da Asociación Cristóbal Colón Gallego que se celebrará en Puerto Rico.


Consulado General de España y La Casa de España  
invitan a la conferencia  
**“Cristóbal Colón gallego”**  
a cargo de D. Javier Pazó Olmedo  
de la Asociación Cristóbal Colón Gallego

Jueves, 2 de marzo de 2023.  
7:00 p.m. Salón de la Biblioteca.  
Casa de España en Puerto Rico.  
Al final del acto se ofrecerá un vino español

9 Ave. Ponce de León, San Juan, P.R.  
787-724-1044

Seguindo co noso querido Javichi, aquí deixo, á dereita, a magnífica casa onde naceu e viviu en Pontevedra ao carón da alameda e na que tantos bos

ratos temos pasado a pandilla “Os Eudosios” naqueles tempos de Instituto, xa que no baixo, que daba a unha fermosa horta que chegaba ata onde hoxe está o Arquivo Provincial, tiñamos o noso Club nunha pequena caseta que alí había. Que tempos aqueles!!! Que pena a perda desta casa e moitas outras en Pontevedra que formaban parte do noso Patrimonio Arquitectónico.





# LUÍS ZAHERA (PETRÓLEO) GAÑA UN GOYA COMO MELLOR ACTOR DE REPARTO 2023

(12/02/2023)



Os nosos parabéns para este magnífico actor galego que xa gañara un Goya no 2019 coa película “El Reino”, vén agora de gañar o segundo coa película “As Bestas”. Ao público galego conquistouno coa serie da TVG “Mareas Vivas”, onde facía de dono do bar Petróleo do que collía o seu nome, serie que estivo en pantalla durante cinco anos, rematou no 2003. Petróleo ten un amplo currículo en series, programas como Luar, películas como “Celda 211”, curtametraxes e teatro, alcanzando un bo número de premios.

## LUÍS TABOADA, Director de cine

Pola ano 2005 Luís Taboada prepara unha curtametraxe na Illa de Ons para presentala nun festival de curtas que se celebraba en Bueu.

Esa primeira curta non sei se chegou a ser premiada, o que si trouxo foi un pouco de balbordo en Ons durante o mes de xullo en que se celebrou a rodaxe.

Durante o tempo da rodaxe, guionista e director, deberon reparar nun artigo que, en ton de humor, Tinón escribirá no Diario de Pontevedra ala polo ano 1987 titulado “A Illa de Ons declarada República Independente” e que, como se nomeaba a moitos aunienses, no Acuña decidiron poñerlle un marco e telo alí colgado.

Froito da lectura do artigo, deu a idea para a preparación do guión para o Festival Centolo Films de Bueu do ano 2006 da curtametraxe “Centolos e Gaitas”, onde, entre outros actores, estaba Luís Zahera (Petróleo).

## A RODAXE DO CURTO “Centolos e Gaitas”

Foi no mes de xullo de 2006 e, se a primeira rodaxe trouxo para Ons moito rebumbio, esta segunda, estando alí Petróleo e contando co Presidente de Pineiróns Lano Mayán, como actor secundario nalgunhas escenas, converteuse a rodaxe en todo un acontecemento con éxito asegurado.

O argumento centrábase: “...nunha reivindicación cómica da independencia da Illa de Ons”.

A filmación foi todo un logro, non só por contar con actores como Zahera, Farruco Castromán, Mónica Rodríguez e Mayán, senón porque nela participaron, de xeito moi activo, veciños e visitantes.

Aínda que esta curta non aparece no currículo de Zahera, penso que foi clave na súa carreira posterior como actor.



## FOTOS:

**Arriba esquerda:** Membros de Pineiróns xunto con Petróleo e Mayán despois da rodaxe.

**Abaixo esquerda:** Momentos da rodaxe co actor Lano Mayán.

**Dereita:** Artigo de Tinón onde declara a Ons república independente.



## CORTA DE EUCALIPTOS NAS ILLAS DO P. NACIONAL (10-14/02/2023)

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/02/10/cies-dicen-adios-miles-toneladas-82741779.html>

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/02/14/parques-libera-eucalipto-zonas-ons-82930034.html>

### OPINIÓNS AO RESPECTO DA CORTA E REPOBOACIÓN (I)

Se unha persoa que hai 20 anos que non vai a Ons e que coñecera a arborización existente daquela, dera hoxe en día un paseo pola Illa, diría que un “*Atila I el talador*” pasara por ela. Independentemente do que puidera pensar, sobre si as árbores que existían eran prexudiciais ou non para a Illa.

Seguro que a súa primeira cavilación iría cara a aplicación da *Lei de Memoria Histórica*, debido a que, como contan que Franco os mandara plantar, agora, como pasou co monumento das Cíes, aplicando a Lei, hai que cortalos. Ou tamén podería pensar que houbo información privilexiada e sabían que *Ence* ía quedar na ría 50 anos máis, pois que mellor que ofrecerlle esa boa cantidade de madeira e logo, caldeirada de polbo para todos!! ... E un bo número máis de elucubracións que se lle poderían ocorrer.

O certo é que estamos a falar dun Parque Nacional, espazo coa maior das proteccións, polo que calquera actuación que se fai nel e sobre el, debería estar precedida dun bo número de estudos e investigacións, realizados por persoas técnicas na materia correspondente e dun xeito científico e, dende logo, eses estudos, digamos de asesoramento, obrigatoriamente, deben vir cos nomes, apelidos e preparación profesional de quen os realiza e asina para, no caso de irregularidades de calquera tipo, haxa a quen pedirlle explicacións e, sobre todo, responsabilidades se algo non vai como e debido.

Coido que a persoa, polo menos política, que ten a responsabilidade de que todo se faga con acordo á Lei neste Parque Nacional das I. Atlánticas, é a Directora Xeral de Patrimonio Natural (porei a partir de agora ao dirixirme a ela *DXPN*), polo tanto, antes de comezar estas cortas masivas (referireime só a Ons) que na Illa comezaron hai máis de 10 anos, a DXPN tería sobre a súa mesa unha boa cantidade de estudos sobre o tema, co fin de avaliar, valorar e buscar solucións ás posibles problemáticas medio ambientais ou de sostibilidade que estas árbores poden provocar e cal sería o xeito de actuación, repito, nun Parque Nacional.

Non quero pensar que as actuacións de corta, foron feitas sen estudo ningún, aínda que, polo xeito de levar a cabo as diferentes actuacións anuais pode dar pé a desconfiar. Quero dicir que se algún veciño, particular,..., ou mesmo un deputado que quere saber ou obter información sobre o tema, e o solicita, non haberá inconveniente en presentarllo para a súa comprobación e estudo.

Ata aquí, esta primeira parte, noutros Onstopus seguirei incidindo sobre a temática, pois é importante saber cales son os efectos prexudiciais que tiñan esas árbores, quen decidiu as actuacións a levar, como foron programadas, que protocolo se seguiu para escoller a empresa que o ía a realizar, que técnico ou técnicos (con nomes e apelidos) seguiron a evolución das cortas,..., que solucións pensaron para a madeira cortada,..., que custo trouxo,... E, sobre todo, o por que en máis de 10 anos, en Ons, non se realizou ningún tipo, minimamente serio, técnico, supervisado por persoal cualificado,..., de **REPOBOACIÓN**, polo menos, nas zonas cortadas.



**Fotos.** Primeiras actuacións en Melide.

**Foto esquerda:** 2008. Círculo vermello: zona antes chea de arborado, que cortaron.

**Foto centro:** Mesma zona de Melide, chea de toxo. “Gasolina” en estado puro en caso de incendio. Repoboación en 15 anos, ningunha.

**Foto dereita:** Corta masiva en Pereiró. 2023, zona de Punto Limpo. Canto tardará en estar como Melide?

### SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector faime esta pregunta: “... non sei se ese sinal está no regulamento de Tráfico, pero dende logo chamounos a atención cando a vimos en Ons na baixada que hai dende os restaurantes ao peirao. Sabe a que é debido?”

Pois eu tampouco sei se o sinal é oficial, o que si, púxose para avisar ás persoas que circulan en tractor en dirección ao peirao na procura de mercadorías, o fagan a modo e con moito tino, polo perigo que trae tendo en conta que tamén hai persoas transitando por el.

No seu día, por un despiste ou mal estado do firme do peirao, un tractor, en fatal manobra, acabou no mar, menos mal que sen danos persoais graves. Dende aquela puxeron o sinal.



Foto: <https://www.nadaincluido.com/isola-de-ons>



## CESÁREO, UN HOME POLIFACÉTICO

Artesanía auniense. Últimas creacións de Cesáreo das que xa temos falado no nº 0 de Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/00/Onstopus-00.pdf>  
Presentabamos nese número as típicas dornas que constrúe, ás que Varu Camawei di que son do tipo “Corsáreo ao ter unha feitura diferente ás que se utilizaron de sempre en Ons. Cesáreo é un home polifacético, e máis agora xubilado, e a carón de seguir pescando para autoconsumo, realiza tarefas agrícolas, de albanería, carpintería, piloto profesional de motos,..., e un longo etc, á que hai que sumar agora a ebanistería con estas preciosas e especiais dornas estilo “Corsáreo”.

Recordo cando cheguei a Ons que me chamara moito a atención a pintura das fachadas das casas aunienses.

Polo xeral eran de pedra recubertas con barro caleado ou simplemente con cal que pintaban de branco, agás uns 50 cm cerca do chan que pintaban de vermello. Dicían que era con patente que lles sobrava de pintar os fondos dos barcos.

Algún simpático, ao velo, dicía que os aunienses tiñan medo a que houbera unha subida repentina do mar, o que agora dan en chamar <tsunamis>, e con esa pintura a ras do chan as casas quedaban perfectamente illadas da auga, e ata dicía que podían flotar.

Cesáreo, que a súa casa está nun pequeno alto, tiña claro que ese fenómeno non lle ía a afectar a el, pero, como sempre hai que ser previdos, á vez que confeccionaba as pequenas “Corsareas” fixo unha, suficiente grande, para, se xurde unha marusía campal con subida de marea, teña unha para escapar, e aí a ten a carón da porta da casa.



### Fotos:

**Arriba dereita:** Cesáreo e a súa filla Vitoria prantando patacas.

**Centro dereita:** Casa auniense de pedra, pintada de branco e os últimos 50 cm con patente.

**Abaixo dereita:** Cesáreo cunha das súas creacións de dornas corsáreas.

**Esquerda:** Dorna corsárea preparada á porta da casa para ter no que fuxir en caso de marusía campal.



Fotos: Cesáreo, Varu Camawei. Casa, Tinón.



## A CAPELA DE CANEXOL

Así se atopaba a capela de Canexol no ano 1990 cando a anterior Asociación Veciñal decidiu restaurala con aportación de case todos os veciños. Leva pechada dende hai un bo número de anos, como Estará o seu interior? Ao seu redor están soterrados os antepasados dos veciños actuais.

Coido que a nova Asociación podería facer algo ao respecto. Durante o ano saen subvencións para estes asuntos; poderían aproveitalas e dar un acougo espiritual aos seus ancestrais, sexan ou non crentes, aparte de favorecer un legado cultural interesante-

*Esta Capela é todo un SENTIMENTO para os Auniense. RECUPERÉMOLA*



## PÁXINA WEB DO PARQUE NACIONAL

Houbo unha renovación da páxina oficial do Parque das I. Atánticas. Coido que está bastante ben para todo aquel que busque información sobre as illas que o compoñen, pero, tan pronto queres algo máis, a páxina quedanos curtas. Hai un par de anos, cando se atopou unha gaiola para visóns nunha zona de Melide, quixemos pescudar máis sobre este tema e o busca da web, en ningún momento nos levou a dar máis datos dos que podemos atopar, coa mesma busca, nos xornais en google.

Este pasado verán tiven a visita dun dos, daquela, 1975, licenciados que fixeran o traballo socio-económico-biolóxico para o Yrida; concretamente era o biólogo do grupo que, aínda que agora xa xubilado, chegou a ocupar un alto cargo na Consellería de Pesca.

Pois ben, nun paseo pola Illa, chegamos a Melide e, entre outras conversas onde prevaleceron as cortas de eucalipto e o tema da auga potable, faloume dunha experiencia que levaran a cabo un Equipo da Facultade de Bioloxía da USC, alá pola ano 2016 consistente na introdución dunha planta desaparecida en Ons (*Rumex rupestris*) creo que se chamaba.

Eu, como lle pasaba a el, tiña un vago recordo do tema, pois xa pasaran 6 anos e coido, que como non volveu a saír na prensa, esquecéramos da nova.

O que si, ao chegar a casa, buscamos en internet, e o primeiro sitio onde entramos foi na páxina de Parques, onde non atopamos absolutamente nada. Sen embargo en google, si atopamos a noticia que saíra no seu día na páxina de [www.ciencia.com](http://www.ciencia.com).

E aquí comezou o debate: será tan complicado gardar na páxina web de parques todas as entradas periódicas que saen diariamente para unha rápida busca a quen lle interese? E moito máis cando son noticias que, como sempre se apuran a poñer, din: “*contan coa colaboración do Parque Nacional das Illas Atlánticas*”, aínda que nunca explican que clase de colaboración aportan.

Repito que houbo un bo cambio na páxina web do Parque, pero hai que melloralas moitísimo para facela máis eficaz, en especial, para os investigadores.

**Fotos:** *Arriba:* Roi Carballal, que levou o tema da replantación da nova especie. [www.ciencia.com](http://www.ciencia.com). *Abaixo:* Unha das trampas para visóns posta nas proximidades da praia de Melide.



## OUTRO IMPORTANTE XACEMENTO ROMANO NA ILLA DE SÁLVORA

### NUEVOS DATOS SOBRE LA OCUPACIÓN ANTIGUA EN LA ISLA DE SÁLVORA (RIBEIRA):

#### RESULTADOS DE LA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA EN EL YACIMIENTO ROMANO DEL AREAL DOS BOIS

**Adolfo Fernández Fernández**

Investigador Ramón y Cajal. Área de Arqueología. Universidade de Vigo. GEAAT

**Nerea Ruanova Álvarez**

Alumna predoctoral de la Universidade de Vigo. GEAAT

**Raúl Méndez Otero**

Alumno predoctoral de la Universidade de Vigo. GEAAT

**Manuel García Cabo**

Investigador contratado de la Universidade de Vigo. GEAAT

Interesante Informe sobre este xacemento de 36 páxinas feito por especialistas. Destacar, loxicamente aparte do interesante do Informe, que por fin se pon nome e apelidos de quen o realizou e a súa especialidade académica.

<https://illasantlanticas.gal/sites/default/files/resource/documents/2023-02/Xacemento%20romano%20Bois%20Salvora.pdf>



### Enlaces sobre este xacemento:

[-https://www.europapress.es/galicia/noticia-descubren-importante-yacimiento-romano-isla-salvora-podria-corresponder-factoria-salazon-20220509135851.html](https://www.europapress.es/galicia/noticia-descubren-importante-yacimiento-romano-isla-salvora-podria-corresponder-factoria-salazon-20220509135851.html)

[-https://obarbanza.gal/2023/02/as-primeiras-escavacions-de-salvora-amosan-restos-romanos-do-seculo-i-no-areal-dos-bois/](https://obarbanza.gal/2023/02/as-primeiras-escavacions-de-salvora-amosan-restos-romanos-do-seculo-i-no-areal-dos-bois/)

[-https://www.ciencia.com/retro/segredo-salvora-fabrica-salgadura-peixe-epoca-romana/](https://www.ciencia.com/retro/segredo-salvora-fabrica-salgadura-peixe-epoca-romana/)

## ONS E SÁLVORA ARQUEOLÓGICA

Dende logo dimos un gran salto en lo referente á cultura dentro do Parque Nacional. Nós levamos máis de medio século, outros moito máis, solicitando que, a carón dunha lóxica dedicación social e biolóxica cara a Ons, a temática histórica e etnográfica, no quedara relegada ao esquecemento pola administración.

Sabiamos, polo que expertos auguraban, que Ons tiña un enorme potencial arqueolóxico. Só había que facer pequenas prácticas para comprobalo, pero os políticos e altos funcionarios só se preocupaban de non ter problemas cos veciños, e, aínda por riba tan mal o facían, que cada vez tiñan máis. Ían a gastar esforzos en temas culturais!!! Chegou o Parque Nacional e todos puxemos nel a esperanza, pero tiveron que pasar 19 anos e grazas a un proxecto exterior ao Parque, deuse o paso que pode ser crucial para que as riquezas históricas-etnográficas e arqueolóxicas se valoren.